

Xestión do Fluxo e Mellora Continua con Kanban: Introducción ao curso Kanban Management Professional do CNTG

Descrición

O próximo **curso oficial Kanban Management Professional do CNTG** celebrarase en **8 xornadas, do 8 ao 18 de febreiro de 2027, impartíndose de luns a xoves cada semana, con período de inscrición aberto do 1 ao 15 de xaneiro de 2027.**

Este seminario en liña ten como obxectivo ofrecer unha visión completa do contido, os obxectivos e o valor profesional do **curso Kanban Management Professional**, que integra os dous programas oficiais da **Kanban University**: Kanban System Design (KSD) e Kanban Systems Improvement (KSI). A realización de ambos os cursos permite obter a **certificación internacional Kanban Management Professional, recoñecida pola Kanban University**.

O seminario axudará a coñecer o enfoque Kanban, os seus principios fundamentais e como pode aplicarse para mellorar a xestión do traballo, aumentar a eficiencia dos equipos e facilitar unha mellora continua sostible en organizacións de calquera tamaño ou sector.

Durante a sesión, **Javier Morillo, Kanban University Accredited Kanban Trainer (AKT)** con ampla experiencia na implantación de sistemas Kanban en contornas tecnolóxicas, de negocio e de servizos, explicará como este marco pode transformar a forma en que os equipos xestionan o fluxo de traballo, optimizan a capacidade e priorizan iniciativas.

Ao longo do seminario, presentaranse os principais conceptos e beneficios do método Kanban, os contidos do curso oficial, o enfoque práctico dos talleres e as competencias que os participantes desenvolverán ao completar a formación. Tamén se expoñerá o proceso para obter a certificación **Kanban Management Professional** e o recoñecemento que esta acreditación ten no ámbito internacional da axilidade e a xestión Lean.

Perfil do docente

O relator será **Javier Morillo, Kanban University Accredited Kanban Trainer (AKT)** con ampla experiencia na implantación de sistemas Kanban en contornas tecnolóxicas, de negocio e de servizos,

PROGRAMA	Programación 2026/27
TIPO	SEMINARIO
PERIODO INSCRICIÓN	01/11/2026 - 09/12/2026
Nº PRAZAS	232
METODOLOXÍA	Virtual
DURACIÓN	4 horas
DATA INICIO	10/12/2026
DATA FIN	10/12/2026
HORARIO	Horario de 16:00 a 20:00 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
PERIODO DOCENCIA	10/12/2026 - 10/12/2026

Temario

- Introducción ao método Kanban
 - Principios Lean e orixes do enfoque Kanban.
 - A xestión visual e o control do fluxo de traballo.
 - Beneficios da adopción de Kanban en equipos e organizacións.
- Fundamentos do sistema Kanban
 - Deseño de sistemas Kanban: visualizar o fluxo, limitar o traballo en curso e xestionar o ritmo de entrega.
 - Identificación de pescozos de botella e mellora da previsibilidade.
 - Roles, políticas explícitas e métricas básicas.
- O curso Kanban Management Professional do CNTG
 - Estrutura e calendario da formación (8 xornadas febreiro 2027)
 - Contidos dos cursos oficiais KSD e KSI da Kanban University.
 - Enfoque práctico: talleres, simulacións e dinámicas de aplicación real.

- Proceso de certificación Kanban Management Professional e beneficios profesionais.
- Casos prácticos e experiencias reais
 - Exemplos de aplicación de Kanban en contornas de desenvolvemento, soporte e servizos.
- Resultados obtidos en eficiencia, transparencia e mellora continua.
- Como Kanban impulsa unha cultura de aprendizaxe e adaptación.
- Próximos pasos e curso oficial -febreiro 2027
 - Datas, proceso de inscrición e requisitos.
 - Materiais de referencia e orientación previa ao curso.
 - Espazo final para preguntas e resolución de dúbidas.